



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Erasmus+



FUTURAS ACTIVIDADES INTERNACIONAIS

Síntese de posibles proxectos internacionais para desenvolver no vindeiro curso 26 – 27.
Fragmentos das memorias presentadas até o de agora.

XES CHAPELA

Kimahera

Fato / Armancao de Pèra / Portugal

KIMAHERA

A visita consolidou o interese en continuar colaborando co CIFP Imaxe e Son. Ademais do compromiso de continuar acollendo alumnado para o desenvolvemento das prácticas FCT, tanto no ámbito principalmente do Son pero tamén de Iluminación, Pedro tería moito interese en consolidar a colaboración entre as nosas entidades no desenvolvemento común de mobilidades. Xunto á Emotion Dance Academy, da que está moi vencellado e supón unha parte importante dos servizos profesionais que desenvolve ó longo do ano. (Ver apartado específico da Academia)

EMOTION DANCE ACADEMY

A posibilidade de intercambio ou de encaixar unha mobilidade con parte do alumnado para a presentación dun espectáculo de danza, que sexa susceptible de converterse nun contido audiovisual, foi o eixe vertebrador dos posibles acordos de futuro entre ámbalas dúas entidades. A realización dun programa ou peza audiovisual, a inclusión de bailaríns no musical son algunhas das opcións de colaboracións.

AGRUPAMENTO ESCOLAR JOÃO DE DEUS – AEJD FARO

A visita realizada pode definirse como moi satisfactoria pola acollida recibida así como polo interese e predisposición á colaboración en futuros proxectos. A orde de temas tratados xiraba ó redor do estudo de colaboración en tres liñas:

- Posible intercambio de alumnado para a realización de prácticas FCT, de tal xeito, que no CIFP Imaxe e Son, acollamos a 1 ou 2 alumnos/as da AEJD e viceversa. O intercambio é factible, pendente de establecer concrecións futuras.
- Posibilidade de realización de proxectos en común, a partir dos programas Erasmus+ xa existentes. Habería que identificar programas e establecer de xeito claro tipos de proxectos e colaboracións.
- Posibilidade de realizar intercambio e mobilidades puntuais de alumnado/profesorado. Tamén amosaron predisposición e interese en levalos adiante.

ESCOLA SUPERIOR DE EDUCAÇÃO E COMUNICAÇÃO DA UNIVERSIDADE DO ALGARVE. EFQ 5

A orde de temas tratados repetíu as tres liñas de traballo:

- Posible intercambio de alumnado para a realización de prácticas FCT, de tal xeito, que no CIFP Imaxe e Son, acollamos a 1 ou 2 alumnos/as da ESEC e viceversa. O intercambio é factible, pendente de establecer concrecións futuras.
- Posibilidade de realización de proxectos en común, a partir dos programas Erasmus+ xa existentes. Habería que identificar programas e establecer de xeito claro tipos de proxectos e colaboracións.
- Posibilidade de realizar intercambio e mobilidades puntuais de alumnado/profesorado. Tamén amosaron predisposición e interese en levalos adiante.

Posibles visitas no futuro:

- Agrupamento Escolar Silves - Con cursos profesionais de Imaxe e Son.
- ETIC Escola Privada de Imaxe e Son, referente no Algarve. Situada en Faro.

ARIADNA LEIS E NEREA MARRA
Accademia di Belle Arti Mario Sironi” de Sassari
 Cerdeña / Italia

ACCADEMIA DI BELLE ARTI MARIO SIRONI

...os docentes están moi interesados en vir dar algún curso de especialización á nosa escola, e pola nosa parte plantexámoslles facer un proxecto en común. Por exemplo, o musical teatral que nós facemos. Nós poñemos o elenco e o equipo técnico, mentres que eles ponen a parte de escenografía e vestiario.

Sardegna Film Commission

Mostráronse moi interesados no perfil do noso alumnado e comentaron a posibilidade de establecer futuras colaboracións en proxectos audiovisuais e culturais. Ademais, ofrecéronse a facilitarnos contactos de empresas e profesionais do sector para futuras prácticas ou intercambios.

Sardegna Teatro

Falouse tamén da posibilidade de establecer futuras colaboracións, tanto a través de intercambios como mediante a participación en proxectos culturais e formativos compartidos.

LORENA ARES

Polish-Japanese Academy of Information Technology. PJAiT.

Warsaw, Poland.

O centro recomendou establecer futuras vías de contacto mediante:

- SPPA, como asociación facilitadora de contactos profesionais;
- PISF (Polish Film Institute), como organismo de referencia para acceder á rede audiovisual polaca;
- Letko Studio, produtora con experiencia na colaboración con alumnado en prácticas e predisposición para reunións e futuras conexións profesionais.

Coruña Estudio Inmersivo (CEI) espertou interese por parte do centro de acollida e a vontade de realizar unha futura visita ao CIFP Imaxe e Son e coñecer tamén este espazo, pois eles iano instalar no vindeiro ano, pero debido á necesidade de ventilación e aos continuos cortes de electricidade en Polonia, están tendo unha aplicación moi lenta.

ADOLFO PONTE

VSMU.

Bratislava, Eslovaquia

Acordos de futuro:

- Solicitud de ingreso en FilmEU: Iniciar de xeito inmediato o proceso formal para solicitar a incorporación do CIFP Escola de Imaxe e Son, en coordinación e de forma conxunta coa Universidade da Coruña (UDC), dentro da asociación interuniversitaria europea liderada pola Universidade Lusófona.

- Consolidación do proxecto Erasmus BIP: Fixar un calendario de traballo en rede cos socios portugueses e eslovacos para o desenvolvemento da memoria técnica do proxecto de produción virtual antes do peche da vindeira convocatoria institucional

CARLOS ORO

ECA. Escuela de comunicación y arte. Universidade Eduardo Mondlane.
Maputo. Mozambique.

ESCOLA DE COMUNICACIÓN E ARTES EDUARDO MONDLANE

- ▶ Elaborar la programación de un módulo de fotografía periodística.
- ▶ Formación a distancia para docentes en especialidades de imagen y sonido aplicado a periodismo.
- ▶ Proyecto de grabación sonora en Mozambique de instrumentos locales (Tese de doutiramento do director adjunto da facultade ECA)
- ▶ Como continuación do anterior, grabación en estudio, en Coruña, de un grupo de música tradicional de Mozambique.
- ▶ Participar en nuevos proyectos de movilidad de profesorado y alumnado.

DIANA MANCINA.

Diana Manhiça es una artista visual, cineasta e investigadora mozambiqueña. Productora audiovisual de Zoom Produções Responsable del festival de cortometrajes KUGOMA, Coordinadora de UPCYCLES, y responsable del actual Museo cinematográfico virtual de Mozambique. Está interesada en valorar posibles proyectos en común con CIFP Imaxe e son.

DISTRITO 7.

Afoiván es el coordinador del proyecto de pinturas murales Maputo Street Art.

Posibles proyectos:

- > Taller fotográfico con Ildefonso Colaço
- > Reportaje sobre el proceso de creación de una nueva pintura mural.
- > Grabación sonora de cánticos mozambiqueños. >

INSTITUTO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL (AECID)

> Proyecto de restauración cinematográfica dirigido por Filmoteca Española. Interesados en recibir a un estudiante de CIFP Imaxe e son.

TELEVISION DE MOZAMBIQUE

> Teñen interese en recibir a alumnado en prácticas.

Carlos Oro

Coordinador de proxectos internacionais

CIFP Imaxe e son

A Coruña a 11 de xuño de 2026.